

# Cineclube de Compostela

## Bs. As., Alberte Pagán no Cineclube

Febreiro 2, 2007 @ 10:58 am · Filed under [Programacion](#)



Este mércores da semana que entra o Cineclube vai estrearse en Compostela *Bs. As.*, o último filme do cineasta d'O Carballiño Alberte Pagán (*Conversas em Zapatera, Como foi o conto, Os Waslala*).

*Bs. As.* foi xa amosado aí acabando 2006 na sección “Llendes” do Festival Internacional de Cinema Independente de Xixón e vén de ser seleccionado para a competición oficial no Festival Internacional de Cinema Documental de Nafarroa “Punto de Vista”, un certame de referencia para o cinema documental europeo.

Para a proxección imos contar coa presenza do propio autor do filme.

Mércores, 7 de febreiro, 22:00

*Bs. As.* (Alberte Pagán, Galiza, 2006, 79 min.)

“*Bs. As.* narra a historia dos familiares de Alberte Pagán na Arxentina. A narración oral e a lectura de e-mails serven como escusa para facer unha “sinfonía da cidade” de Bos Aires. Pagán evidénciase, o autor faise palpábel na enunciación, parte da súa historia familiar para retratar a cidade e facer unha reflexión sobre o paso do tempo. Pagán chega a *Bs. As.* despois de varias obras descoñecidas de experimentación e afianzamento no medio audiovisual (*Como foi o conto* e *Os Waslala*). Mais, para comprender os seus presupostos audiovisuais, hai que (re)perfilarse a súa traxectoria e fixarse na súa faceta de investigador cinematográfico, xa que é unha das maiores autoridades europeas no cinema experimental.” (Xurxo González)

Podedes tamén ler unha entrevista que lle fixemos en 2006 premendo [acó](#)